



## A urxencia dunha conversión parroquial en Galicia

---

José Manuel Caamaño López

É posible que poucas institucións conseguiran manter con tanto exquisito rigor as fórmulas e procedementos tradicionais coma a Igrexa Católica. Salvo os obrigados cambios circunstanciais que a veces rozan o anecdótico, trátase dunha institución cuns ritmos e usos que foron capaces de resistir os envites dos tempos contra vento e marea. Abonda con ver un dos conclaves para a elección do Bispo de Roma, cuxo percorrido dos cardeais cara a Capela Sixtina clausurado co famoso «*extra omnes*» do mestre de cerimonias, chega a adquirir un dramatismo e unha perfección digna das máis sublimes representacións teatrais do mundo. Outro tanto sucede co ritual eucarístico, que a pesares das variadas fórmulas permitidas, a súa estrutura fixa e permanente fainos posible seguir unha misa en Malta sen nin sequera coñecer unha soa palabra do idioma maltés. Son unhas tradicións que se estenden tamén ao funcionamento interno da curia vaticana, que nalgúns casos mantén procedementos máis propios da Idade Media que do século XXI, máis aló dos lóxicos adiantos tecnolóxicos e tamén dos cambios na concepción do papado ou da colexialidade episcopal. Sen dúbida, ao meu ver, practicamente ninguén conseguiu manexar con tanta sutileza e prudencia (que ata por veces é excesiva) esa difícil relación entre tradición e innovación como o fixo a Igrexa Católica, ou mellor dito, manter as súas tradicións fundamentais, consolidadas ao longo dos séculos, no dinamismo inevitable da historia.

É certo que os cambios son inevitables para a subsistencia de calquera institución, incluso porque moitas cousas se van comprendendo cada vez mellor co progreso do coñecemento da realidade, o que evidentemente pon en cuestión esa repetida sentenza de que calquera tempo pasado foi mellor, algo que non en

todo ten por que ser verdade. Non en van tamén a Igrexa se arrepeniu e ata pediu perdón por algúns erros que en moitos casos só no seu contexto histórico resultan comprensibles. E quizais un dos cambios ou desenvolvementos máis importantes dos últimos tempos foi o realizado polo Concilio Vaticano II no seu intento de *aggiornar* a Igrexa. Pero xa este feito e o grande esforzo realizado entón baixo o liderado de dúas grandes figuras coma Xoán XXIII e Paulo VI, nos da pé para repensar as prioridades que a Igrexa debería ter nunha determinada época co obxectivo de realizar mellor a misión para a cal existe.

Porque certamente o Concilio, segundo nos conta a maioría de xente que tivo a oportunidade de vivilo, foi un acontecemento do Espírito tanto a nivel eclesial coma teolóxico. En gran parte significou unha nova forma de falar de Deus e da súa presenza no medio do mundo. Pero lamentablemente o que a unha gran cantidade de crentes lles queda, se é que sabe da existencia do tal Concilio, é que a misa se celebra dunha forma distinta, co cura de cara e en linguas que non son o latín. A pesar diso e das dificultades internas posteriores, así como para a presenza da Igrexa nas sociedades máis secularizadas, non podemos minusvalorar todo o positivo dos novos camiños abertos por eses dezaseis documentos cos que os Padres conciliares nos agasallaron co obxectivo de seguir facendo da Igrexa unha institución viva á altura dos signos dos tempos, tanto na súa relación coa sociedade, coas ciencias, coma, en xeral, co pluralismo que caracteriza o actual mundo globalizado. E neste sentido tódalas reformas deberían estar marcadas pola misión evangelizadora intrínseca á esencia mesma da Igrexa.

Agora ben, a evangelización non é posible se ao mesmo tempo non se modifican ou crean estruturas axeitadas para iso, unhas estruturas que deben responder aos desafíos que xorden en cada momento preciso. Non hai que esquecer que tales estruturas non son un fin en si mesmas, e por iso o inmovilismo sempre pode ter o risco de converterse nunha herexía virtual, como dicía Unamuno que sucedía co tradicionalismo, algo que se produce na medida en que as estruturas sexan elementos anquilosados que non responden precisamente á misión da institución que encarnan, e que no

caso da Igrexa non é senón transparentar e facer o máis significativo posible a Boa Nova de Xesús en todo tempo e lugar.

Neste sentido paréceme positivo todo o labor de reforma que está levando a cabo o Papa Francisco seguindo o desexo expresado nas conversas previas á súa elección e tamén o itinerario marcado no seu documento programático *Evangelii gaudium*. Do que se trata non é de reformar por reformar sen máis, senón de facelo para responder mellor ao contexto actual eliminando aquelas trabas que dificultan o acceso ao verdadeiramente esencial da mensaxe cristiá. Aínda así quédanos moito por avanzar para facer da Igrexa unha institución viva, dinámica e creativa, sempre no horizonte último da súa misión primixenia. Porque tamén pode ocorrer, coma de feito ocorre, que perdamos demasiado tempo en cuestións secundarias ou en disputas teolóxicas que sendo de interese sen embargo en pouco ou nada afectan á vida da maior parte dos crentes ou á misión evanxelizadora e pastoral da Igrexa. Porque, polo menos no meu caso, nunca vin aos meus comparroquianos trala misa dominical discutir acerca do novo misal, sobre as modificacións das fórmulas eucarísticas ou incluso do Credo. Témome que a súa preocupación non está tanto en se debemos dicir «por moitos» ou «por todos», nin en se quen resucita é a «carne» ou o «corpo». Esas non son as súas preocupacións a pesar do interese teolóxico (litúrxico, soteriolóxico...) ou lingüístico que poidan ter. E, quizais por razóns similares, tamén me queda un sabor agridoce cos pasos dados no Sínodo sobre a familia culminado coa exhortación *Amoris laetitia*, onde máis aló dos importantes pasos producidos, no fondo unicamente supuxo na práctica propoñer unha situación que, por unha banda, só afecta a un número reducido de católicos e, pola outra, a un aspecto importante pero parcial da vida cristiá e que, ademais, ao meu ver, pouco ou nada vai afectar á misión evanxelizadora da Igrexa. Porque incluso *Amoris laetitia*, tendo en conta a relevancia na visión de fondo que a vertebra, sen embargo non entra na maioría das diversas problemáticas que se puxeron de manifesto no *Instrumentum laboris* previo á primeira fase sinodal, algo que convén repensar dado que se trataba dunha consulta ampla a tódolos fieis católicos. Incluso acotío teño a impresión de que falamos pouco de Deus e demasiado de canons, normas, ritos, excepcións e situacións difíciles.

O medo ao cambio ou ás consecuencias imprevisibles non poden ser excusas para non promover reformas ou frear a creatividade sempre e cando todo se faga con boa vontade, prudencia e obxectivos precisos dentro da misión fundamental que temos. E serían moitos os campos eclesiais que cumpriría abordar en profundidade. Pero entre eses cambios máis prácticos que afectan á vida da Igrexa en Galicia penso que tería que ser a estrutura tanto parroquial coma de atención pastoral ás parroquias, cousa ao meu ver non tomada moi en serio nin na profundidade que require ata o día de hoxe. É que desde fai un tempo teño por costume visitar amigos que exercen de párrocos en diferentes lugares e tamén aproveito para asistir a algunhas celebracións nalgunha que outra parroquia. E teño que dicir que, en liñas xerais, sempre me queda unha sensación de desolación ao ver formas de funcionar caducas que reflicten unha situación decadente da estrutura eclesial. Non só se ven, en especial no mundo rural, igrexas frías e baleiras, senón tamén casas reitorais na ruína, fincas parroquiais descoidadas, curas convertidos inevitablemente en funcionarios, fieis pasivos e misas que dificilmente poden ser vistas coma celebracións da presenza de Deus no medio da comunidade. A sensación é a duns párrocos e a dunha institución que fai o que pode para manterse parcheando dificultades sen alterar o máis mínimo esas tradicións tan incrustadas na vida eclesial.

Por iso penso que non podemos retrasar máis a posta en marcha do programa sinalado polo papa Francisco en *Evangelii gaudium*, cando nun momento determinado nos di algo que hai que tomar moi en serio: «soño cunha opción misioneira capaz de transformalo todo, para que os costumes, os estilos, os horarios, a linguaxe e toda a estrutura eclesial se converta nunha canle adecuada para a evanxelización do mundo actual máis que para a autopreservación». Unha reforma estrutural que afecta tamén á vida e á organización das parroquias, para que os mesmos axentes de pastoral e párrocos poidan ter realmente esa actitude de saída en contacto coa xente. O mesmo Papa sinala a enorme plasticidade das parroquias, que poden adquirir formas diversas, pero que precisan da docilidade e da creatividade dos pastores e das comunidades. É máis, como di Francisco, «a pastoral en clave de misión pretende

abandonar o cómodo criterio pastoral do ‘sempre se fixo así’. Invito a todos a ser audaces e creativos nesta tarefa de repensar os obxectivos, as estruturas, o estilo e os métodos evanxélicos das propias comunidades». E non me cabe dúbida de que non abonda con ser lobos solitarios, senón que precisamos de proxectos estruturais alentados por aqueles que teñen a responsabilidade de liderar as dioceses e as propias parroquias.

Ben sei que o desafío non é doado e que nalgúns casos se están facendo esforzos positivos, coma por exemplo a posta en marcha das unidades parroquiais ou a potenciación de diáconos permanentes. Pero penso que non abonda xa con buscar xeitos de que o cura chegue a tódalas parroquias nin tampouco potenciar a formación duns laicos que aínda dubido de se queren formarse para liderar comunidades. Fai anos xa escribira Chao Rego que deberíamos camiñar cara a unha pastoral supraparroquial, menos clericalizada e máis centrada na misión ca no culto. E ao meu ver iso supón un cambio de modelo pastoral para o que urxe que os nosos bispos non esperen a ter que buscar a maneira de reflotar un barco fundido, senón pensar e buscar xa, con aqueles que nos poden axudar, ferramentas que posibiliten que os nosos párrocos non teñan que perder tempo en arranxar igrexas, reformar reitorais ou percorrer ducias de quilómetros por «dicir misas» en tódalas parroquias que teñen ao seu cargo. Dubido de que para iso fixeran semellante opción de vida e ata me da tristura de que a ilusión inicial acabe por converterse en comodidade ou desafección posterior. Xa nin falamos de doutrina nin de cousas que poden xerar controversias teolóxicas, senón simplemente de estruturas que non poden seguir sendo impasibles aos cambios dos tempos, é dicir, precisamos dunha conversión pastoral e parroquial pensada na súa profundidade e radicalidade. Por iso penso que cómpre ter en conta tamén as palabras de Francisco cando di que «máis que o temor a equivocarnos, espero que nos mova o temor a pecharnos nas estruturas que nos dan unha falsa contención, nas normas que nos volven xuíces implacables, nos costumes onde nos sentimos tranquilos, mentres fóra hai unha multitude famenta e Xesús nos repite sen cansarse: dádelle vós de comer!» (EG 49).

**José Manuel Caamaño López**